

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E POLÍTICA AGROALIMENTARIA

Orde do 24 de outubro de 2000 pola que se normalizan os documentos para a prescrición, dispensación e uso do medicamento veterinario, e o Libro Rexistro de Tratamentos Veterinarios na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, e o Real decreto 109/1995, do 27 de xaneiro, sobre medicamentos veterinarios, actualizaron a normativa aplicable ó medicamento veterinario. Así mesmo, a Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica de Galicia, no título V introduce unha serie de precisións en relación coa dispensación e distribución do medicamento veterinario. Tendo en conta a lexislación básica do Estado, sen prexuízo da normativa que no seu día poida emanar desta Comunidade Autónoma, e ata que se produza o desenvolvemento normativo previsto pola Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica de Galicia, faise necesario regular a prescrición, dispensación e o uso do medicamento veterinario, mediante a adopción dun modelo normalizado da receita veterinaria, así como atribuírlle ó Consello Galego de Colexios Veterinarios a edición e distribución da receita veterinaria normalizada co obxectivo de dispor dun sistema áxil de xestión, dada a vinculación da organización colexial cos facultativos veterinarios.

Por outro lado, faise necesario regular e normaliza-las características que debe reunir na Comunidade Autónoma de Galicia o libro rexistro de tratamentos, do medicamento veterinario, de levanza obrigatoria polas explotacións gandeiras galegas produtoras de alimentos con destino ó consumo humano, e polos facultativos veterinarios en determinados casos.

Facendo uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, reformada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e a Lei 12/1989, do 4 de outubro, e logo de conformidade do Consello Galego de Colexios Veterinarios,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

As disposicións desta orde teñen por obxecto normaliza-lo documento de prescrición e dispensación e o libro rexistro de tratamentos, do medicamento veterinario, na Comunidade Autónoma de Galicia, e atribuírlle a edición e distribución da receita e selo veterinarios normalizados ó Consello Galego de Colexios Veterinarios.

Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.

Esta orde seralle de aplicación á prescrición, dispensación e ó uso dos medicamentos veterinarios na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3º.-Definicións.

Receita veterinaria normalizada: documento normalizado nesta orde polo que os facultativos veterinarios legalmente capacitados prescriben a medicación para a súa dispensación polos centros autorizados, e o tratamento dos animais.

Selo normalizado: selo identificativo do facultativo veterinario legalmente capacitado que efectúa a prescrición.

Prescrición veterinaria normalizada: acto do facultativo veterinario legalmente capacitado, con base no recoñecemento previo dos animais, de emisión dunha receita veterinaria normalizada.

Libro Rexistro de Tratamentos: documento de anotación de tratamentos prescritos ós animais.

Edición e distribución da receita veterinaria normalizada e do selo veterinario normalizado: a actividade atribuída ó Consello Galego de Colexios Veterinarios, consistente na edición dos documentos normalizados da receita veterinaria recollida no artigo 4º e do selo veterinario normalizado establecido no artigo 5º, e a distribución destes documentos e selos ós facultativos veterinarios legalmente capacitados.

Artigo 4º.-Receita veterinaria normalizada.

Establécense os modelos da receita veterinaria normalizada que deberán ser utilizados polos facultativos veterinarios para a prescrición dos medicamentos de uso veterinario regulados no artigo 49 do Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento e no Real decreto 157/1995, do 3 de febreiro, polo que se establecen as condicións de preparación, posta no mercado e utilización dos pensos medicamentosos, para a súa dispensación polos centros autorizados e o tratamento dos animais. Os citados modelos recóllense no anexo I.

Constarán de tres exemplares autocopiativos: un orixinal destinado ó centro dispensador do medicamento, unha primeira copia para o propietario ou responsable dos animais, e unha segunda copia para o facultativo veterinario que efectúe a prescrición. A receita poderá levala o prescriptor de xeito informatizado.

Artigo 5º.-Selo veterinario normalizado.

Establécese o modelo de selo veterinario normalizado, que será o recollido no anexo II, e deberá figurar necesariamente na receita veterinaria normalizada no espacio destinado á sinatura e ó selo do citado documento por parte do veterinario prescriptor, e incluirá un número identificativo do veterinario legalmente capacitado, que será único para toda a Comunidade Autónoma galega.

Artigo 6º.-Validación.

A receita veterinaria normalizada só terá validez para tódolos efectos establecidos na normativa vixente, cando sexa emitida por facultativo veterinario legalmente capacitado, segundo os requisitos recollidos no documento correspondente ó anexo I, e estea asinada e selada co selo veterinario norma-

lizado recollido no anexo II. Así mesmo, o citado selo valerá, xunto coa sinatura, para valida-lo libro rexistro de tratamentos das explotacións gandeiras.

Artigo 7º.-Atribución.

Atribúeselle ó Consello Galego de Colexios Veterinarios a edición e distribución da receita e do selo normalizados descritos nos artigos 4º e 5º.

O Consello Galego de Colexios Veterinarios está obrigado, no que respecta á edición e distribución da receita e selo regulados nesta orde, a facilitar tódolos datos que se soliciten e a poñelos á disposición da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, no formato que se determine, e a levar un sistema informatizado que posibilite a rastrexabilidade da edición e distribución da receita e do selo normalizados.

Artigo 8º.-Responsabilidade da custodia.

A responsabilidade da custodia das receitas e dos selos veterinarios normalizados corresponderá, no que respecta á súa edición e distribución, ó Consello Galego de Colexios Veterinarios e ós colexios veterinarios oficiais, se é o caso.

Os facultativos veterinarios legalmente capacitados terán a responsabilidade na custodia das receitas e selo recibidos, agás que medie comunicación por escrito de subtracción ou extravío ó Consello Galego de Colexios Veterinarios.

Artigo 9º.-Libro Rexistro de Tratamentos.

No nivel das explotacións gandeiras levarase un libro rexistro dos tratamentos realizados ós animais da explotación. Así mesmo, os facultativos veterinarios, cando realicen prescricións dos medicamentos ós que se refire o Real decreto 1373/1997, do 29 de agosto, polo que se prohiben determinadas sustancias de efecto hormonal e tireostático e sustancias beta-agonistas de uso na cría do gando, ou realicen prescricións excepcionais de acordo co artigo 81 do Real decreto 109/1995, do 27 de xaneiro, estarán tamén obrigados a levar un libro rexistro de tratamentos.

Os libros rexistro de tratamentos das explotacións e dos facultativos veterinarios corresponderanse co modelo que se establece no anexo III, e para que teñan validez deberán estar dilixenciados polos servizos veterinarios oficiais de Sanidade e Producción Animal.

Artigo 10º.-Infraccións e sancións.

De conformidade o establecido no artigo 55 da Lei 5/1999, do 21 de maio, no artigo 107 da Lei 25/1990, do 20 de decembro e no Decreto 431/1996, do 29 de novembro, as infraccións en materia do medicamento veterinario serán obxecto das sancións administrativas correspondentes, trala instrucción do oportuno procedemento, sen prexuízo

das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición transitoria

Serán válidas mentres non se efectúe a edición e distribución das receitas veterinarias normalizadas reguladas nesta orde, as receitas editadas polo Consello Galego de Colexios Veterinarios, como máximo ata o 31 de decembro de 2000.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o director xeral de Producción Agropecuaria para dictar, no ámbito das súas competencias, cantas normas sexan necesarias para o mellor cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2000.

Castor Gago Álvarez

Conselleiro de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria

ANEXO I

Receita veterinaria normalizada

En xeral para tódalas receitas:

1. Características: papel autocopiativo por triplicado; orixinal e dúas copias brancas de sesenta (60) gramos.

2. Dimensións: largo 23 cm; alto 11,5 cm.

3. Código de identificación: composto polos seguintes caracteres:

-Código da Comunidade Autónoma: constará de dous díxitos de acordo co anexo IV.

-Dous díxitos que identifican a provincia: de acordo co código INE.


-Un díxito de verificación ou control xerado mediante unha operación matemática a partir dos restantes caracteres numéricos.

-Oito díxitos de identificación da receita: os dous primeiros corresponderán ó ano de edición e os seis seguintes ó número de orde de edición.


-Código de barras que se corresponderá coa numeración de identificación da receita. Utilizarase o código 128-set A.

-Para a levanza informatizada da receita: poderán imprimirse os tres exemplares citados no artigo 4º en formato proporcionalmente reducido e despregados na mesma páxina DIN A4, con dimensións de cada exemplar de 20 cm de largo por 9 cm de alto.

DIMENSIONES DA RECEITA (en centímetros).






**A) Receita veterinaria normalizada. Exemplares:
ORIXINAL: EXEMPLAR PARA O CENTRO DISPENSADOR.**

	CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS VETERINARIOS	Receita veterinaria normalizada. <i>Receta veterinaria normalizada.</i> Nº11270-00000.	Código de barras.	Identificación dos animais, se é o caso: <i>Identificación de los animales, en su caso:</i>
Dps. <input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> É prescripción excepcional: <i>Es prescripción excepcional.</i>			
 Doses e observacións: <i>Dosis y observaciones:</i>	CEA de explotación /se é o caso (<i>en su caso</i>): Propietario/Responsable: DNI Nº: Enderezo/Dirección:		Especie: Nº de animais: <i>Nº de animales:</i> Data/ Fecha:	
Caduca ós dez días. Válido para un só tratamento. <i>Caduca a los diez días. Valido para un solo tratamiento.</i> EXEMPLAR PARA O CENTRO DISPENSADOR. <i>EJEMPLAR PARA EL CENTRO DISPENSADOR.</i> PARA CONSERVAR 3 ANOS (A CONSERVAR 3 AÑOS)	Tempo de espera / <i>Tiempo de espera:</i> (se é o caso / <i>en su caso</i>) CARNE LEBITE-LECHE OVOS-HUEVOS		Facultativo veterinario prescriptor <i>Facultativo veterinario prescriptor</i> Sinatura e selo normalizado <i>Firma y sello normalizado</i> Sinatura e selo do dispensador . <i>Firma y sello del dispensador.</i> Data de dispensación: <i>Fecha de dispensación</i>	

Reverso do exemplar para o centro dispensador:

SUBSTITUÍDO POLO MEDICAMENTO DENOMINADO - <i>SUSTITUIDO POR EL MEDICAMENTO DENOMINADO:</i>	
O FARMACÉUTICO GARANTE: <i>EL FARMACÉUTICO GARANTIZA:</i>	O PROPIETARIO OU RESPONSABLE DOS ANIMAIS: <i>EL PROPIETARIO O RESPONSABLE DE LOS ANIMALES:</i>
Asdo./ Fdo.:	Asdo./ Fdo.:
Artigo 83, 4 do R. D. 109/1995 - Artículo 83, 4 del R. D. 109/1995 Para cubrir polo farmacéutico garante do centro dispensador no caso de substitución do medicamento prescrito por outro de igual principio activo <i>A cumplimentar por el farmacéutico garante del centro dispensador en caso de sustitución del medicamento prescrito por otro de igual principio activo.</i>	




1ª COPIA: EXEMPLAR PARA O PROPIETARIO OU RESPONSABLE DOS ANIMAIS.

	CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS VETERINARIOS	Receta veterinaria normalizada. <i>Receta veterinaria normalizada.</i> Nº11270-00000.	Código de barras.	Identificación dos animais, se é o caso: <i>Identificación de los animales, en su caso</i>					
					Dps. 	<input type="checkbox"/> É prescripción excepcional: <i>Es prescripción excepcional.</i>			
		CEA de explotación /se é o caso (en su caso): Propietario/Responsable: DNI Nº: Enderezo/Dirección:		Especie: Nº de animais: <i>Nº de animales:</i> Data/ Fecha:					
		Caduca ós dez días. Válido para un só tratamento. <i>Caduca a los diez días. Válido para un solo tratamiento.</i> EXEMPLAR PARA O PROPIETARIO OU RESPONSABLE DOS ANIMAIS - EJEEMPLAR PARA EL PROPIETARIO O RESPONSABLE DE LOS ANIMALES. PARA CONSERVAR 5 ANOS (A CONSERVAR 5 AÑOS)	Tempo de espera / Tiempo de espera: (se é o caso / en su caso) <table border="1"> <tr> <td>CARNE</td> <td>LEITE-LECHE</td> <td>OVOS-HUEVOS</td> </tr> <tr> <td> </td> <td> </td> <td> </td> </tr> </table>	CARNE	LEITE-LECHE	OVOS-HUEVOS			
CARNE	LEITE-LECHE	OVOS-HUEVOS							

Reverso da 1ª copia:

SUBSTITUÍDO POLO MEDICAMENTO DENOMINADO - SUSTITUIDO POR EL MEDICAMENTO DENOMINADO:		DATA DE VENDA DOS ANIMAIS - FECHA DE VENTA DE LOS ANIMALES:	
O FARMACÉUTICO GARANTE: <i>EL FARMACÉUTICO GARANTE:</i>	O PROPIETARIO OU RESPONSABLE DOS ANIMAIS: <i>EL PROPIETARIO O RESPONSABLE DE LOS ANIMALES:</i>	de	de
Asdo / Fdo.:	Asdo / Fdo.:	O VENDEDOR: <i>EL VENDEDOR</i>	O COMPRADOR: <i>EL COMPRADOR</i>
PARA CUBRIR POLO FARMACÉUTICO GARANTE DO CENTRO DISPENSADOR NO CASO DE SUBSTITUCIÓN DO MEDICAMENTO PRESCRITO POR OUTRO DE IGUAL PRINCIPIO ACTIVO-A CUMPLIMENTAR POR EL FARMACÉUTICO GARANTE DEL CENTRO DISPENSADOR EN CASO DE SUBSTITUCIÓN DEL MEDICAMENTO PRESCRITO POR OTRO DE IGUAL PRINCIPIO ACTIVO (Artigo / Artículo 83, 4 del R. D. 109/1995)	NO CASO DE VENDA DOS ANIMAIS ANTES DE QUE CONCLÚA O TEMPO DE ESPERA, ENTREGARALLE ESTA RECEITA Ó COMPRADOR DOS ANIMAIS. SE FOSEN MAIS DUN COMPRADOR, ENTREGARÁ UNHA COPIA A CADA UN DELES-EN CASO DE VENTA DE LOS ANIMALES ANTES DE QUE CONCLUYA EL TIEMPO DE ESPERA, ENTREGARÁ ESTA RECETA AL COMPRADOR DE LOS ANIMALES. SI PUESEN MÁIS DE UN COMPRADOR, ENTREGARÁ UNA COPIA A CADA UNO DE ELLOS (Artigo / Artículo 82 11 do del R. D. 109/1995)	Asdo / Fdo.:	Asdo / Fdo.:

2ª COPIA: EXEMPLAR PARA O FACULTATIVO VETERINARIO.

	CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS VETERINARIOS	Receta veterinaria normalizada. <i>Receta veterinaria normalizada.</i> Nº11270-00000.	Código de barras.	Identificación dos animais, se é o caso: <i>Identificación de los animales, en su caso</i>					
					Dps. 	<input type="checkbox"/> É prescripción excepcional: <i>Es prescripción excepcional.</i>			
		CEA de explotación /se é o caso (en su caso): Propietario/Responsable: DNI Nº: Enderezo/Dirección:		Especie: Nº de animais: <i>Nº de animales:</i> Data / Fecha:					
		Caduca ós dez días. Válido para un só tratamento. <i>Caduca a los diez días. Válido para un solo tratamiento.</i> EXEMPLAR PARA O VETERINARIO PRESCRITOR EJEEMPLAR PARA EL VETERINARIO PRESCRITOR. PARA CONSERVAR 3 ANOS (A CONSERVAR 3 AÑOS).	Tempo de espera / Tiempo de espera: (se é o caso / en su caso) <table border="1"> <tr> <td>CARNE</td> <td>LEITE-LECHE</td> <td>OVOS-HUEVOS</td> </tr> <tr> <td> </td> <td> </td> <td> </td> </tr> </table>	CARNE	LEITE-LECHE	OVOS-HUEVOS			
CARNE	LEITE-LECHE	OVOS-HUEVOS							

Reverso da 2ª copia:

NORMAS DE EMPREGO: <ul style="list-style-type: none"> • Denominación do medicamento perfectamente lexible, a súa presentación se existen varias, e o n.º de exemplares que se dispensará. • Para as fórmulas maxistrais e autovacinas, deberase precisar: <ul style="list-style-type: none"> ♦ A composición cualitativa e cuantitativa. ♦ Proceso morboso que se tenta tratar e especie á que se destina. ♦ Cantidad que se elaborará. • A medicación prescrita non superará o tratamento de máis dun mes. 	NORMAS DE EMPLEO: <ul style="list-style-type: none"> • Denominación del medicamento perfectamente legible, la correspondiente presentación del mismo si existen varias y el n.º de ejemplares que se dispensarán. • Para las fórmulas magistrales y autovacinas, se deberá precisar: <ul style="list-style-type: none"> ♦ La composición cualitativa y cuantitativa. ♦ Proceso morboso que se pretende tratar y especie a la que se destina. ♦ Cantidad que se elaborará. • La medicación prescrita no superará el tratamiento de más de un mes.
(Artigo 82 do R. D. 109/1995) Asinarase con tinta de cor diferente á de impresión da receita	(Artículo 82 del R. D. 109/1995) Se firmará con tinta de color diferente al de impresión de la receta


B) Receita veterinaria normalizada para pensos medicamentosos. Exemplares:

ORIXINAL: EXEMPLAR PARA O FABRICANTE OU DISTRIBUIDOR.

 <p>CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS VETERINARIOS</p>	<p>Receita veterinaria normalizada. <i>Receta veterinaria normalizada.</i> Nº11270-00000.</p>	<p>Código de barras.</p>	<p>Identificación dos animais, se é o caso: <i>Identificación de los animales, en su caso</i></p>						
				<p>Dps.</p>					
<p>Afección que se vai tratar/<i>Afección a tratar</i></p> <p>Recomendacións e proporción de penso na ración diaria. Frecuencia e duración do tratamento / <i>Recomendaciones y proporción de pienso en la ración diaria. Frecuencia y duración del tratamiento.</i></p> <p>Prazo de conservación do penso/<i>Plazo de conservación del pienso:</i></p> <p>Cantidade / <i>Cantidad</i> (en kg).</p> <p>Nome ou razón social do provedor ou distribuidor do penso medicamentoso / <i>Nombre o razón social del proveedor o distribuidor del pienso medicamentoso:</i></p>		<p>CEA de explotación /se é o caso (<i>en su caso</i>):</p> <p>Propietario/Responsable:</p> <p>DNI Nº:</p> <p>Enderezo/<i>Dirección</i>:</p>	<p>Especie:</p> <p>Nº de animais <i>Nº de animales:</i></p> <p>Data /<i>Fecha</i>:</p>						
<p>Caduca ós trinta días. Vale para un só tratamento. <i>Caduca a los treinta días. Vale para un solo tratamiento.</i> EXEMPLAR PARA O FABRICANTE OU DISTRIBUIDOR /<i>EJEMPLAR PARA EL FABRICANTE O DISTRIBUIDOR</i> PARA CONSERVAR 3 ANOS (A CONSERVAR 3 AÑOS).</p>		<p>Tempo de espera -<i>Tiempo de espera:</i> (se é o caso / <i>en su caso</i>)</p> <table border="1"> <tr> <td>CARNE</td> <td>LEITE-LECHE</td> <td>OVOS-HUEVOS</td> </tr> <tr> <td> </td> <td> </td> <td> </td> </tr> </table>	CARNE	LEITE-LECHE	OVOS-HUEVOS				<p>Facultativo veterinario prescriptor <i>Facultativo veterinario prescriptor</i></p> <p>Sinatura e selo do dispensador <i>Firma y sello del dispensador.</i></p> <p>Sinatura e selo normalizado <i>Firma y sello normalizado</i></p> <p>Data de dispensación: <i>Fecha de dispensación</i></p>
CARNE	LEITE-LECHE	OVOS-HUEVOS							

O reverso do orixinal irá en branco.

1ª COPIA: EXEMPLAR PARA O PROPIETARIO OU RESPONSABLE DOS ANIMAIS.

 <p>CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS VETERINARIOS</p>	<p>Receita veterinaria normalizada. <i>Receta veterinaria normalizada.</i> Nº11270-00000.</p>	<p>Código de barras.</p>	<p>Identificación dos animais, se é o caso: <i>Identificación de los animales, en su caso</i></p>						
				<p>Dps.</p>					
<p>Afección que se vai tratar/<i>Afección a tratar</i></p> <p>Recomendacións e proporción de penso na ración diaria. Frecuencia e duración do tratamento / <i>Recomendaciones y proporción de pienso en la ración diaria. Frecuencia y duración del tratamiento.</i></p> <p>Prazo de conservación do penso/<i>Plazo de conservación del pienso:</i></p> <p>Cantidade / <i>Cantidad</i> (en kg).</p> <p>Nome ou razón social do provedor ou distribuidor do penso medicamentoso / <i>Nombre o razón social del proveedor o distribuidor del pienso medicamentoso:</i></p>		<p>CEA de explotación /se é o caso (<i>en su caso</i>):</p> <p>Propietario/Responsable:</p> <p>DNI Nº:</p> <p>Enderezo/<i>Dirección</i>:</p>	<p>Especie:</p> <p>Nº de animais <i>Nº de animales:</i></p> <p>Data /<i>Fecha</i>:</p>						
<p>Caduca ós trinta días. Vale para un só tratamento. <i>Caduca a los treinta días. Vale para un solo tratamiento.</i> EXEMPLAR PARA O PROPIETARIO OU RESPONSABLE DOS ANIMAIS <i>EJEMPLAR PARA EL PROPIETARIO O RESPONSABLE DE LOS ANIMALES</i> PARA CONSERVAR 5 ANOS (A CONSERVAR 5 AÑOS).</p>		<p>Tempo de espera -<i>Tiempo de espera:</i> (se é o caso / <i>en su caso</i>)</p> <table border="1"> <tr> <td>CARNE</td> <td>LEITE-LECHE</td> <td>OVOS-HUEVOS</td> </tr> <tr> <td> </td> <td> </td> <td> </td> </tr> </table>	CARNE	LEITE-LECHE	OVOS-HUEVOS				<p>Facultativo veterinario prescriptor <i>Facultativo veterinario prescriptor</i></p> <p>Sinatura e selo do dispensador <i>Firma y sello del dispensador.</i></p> <p>Sinatura e selo normalizado <i>Firma y sello normalizado</i></p> <p>Data de dispensación: <i>Fecha de dispensación</i></p>
CARNE	LEITE-LECHE	OVOS-HUEVOS							

Reverso da 1ª copia:

NO CASO DE VENDA DOS ANIMAIS TRATADOS ANTES DE QUE CONCLUA O TEMPO DE ESPERA, ENTREGARALLE ESTA RECEITA Ó COMPRADOR DOS ANIMAIS SE FOSEN MÁIS DUN COMPRADOR. ENTREGARÁ UNHA COPIA A CADA UN DELES/ EN CASO DE VENTA DE LOS ANIMALES TRATADOS ANTES DE QUE CONCLUYA EL TIEMPO DE ESPERA, ENTREGARÁ ESTA RECETA AL COMPRADOR DE LOS ANIMALES SI FUERAN MÁIS DE UN COMPRADOR. ENTREGARÁ UNA COPIA A CADA UNO DE ELLOS (Artigo / Artículo 13. 1 a) 2º del/da R. D. 157/1995).

DATA DE VENDA DOS ANIMAIS / FECHA DE VENTA DE LOS ANIMALES:

de de


O VENDEDOR / EL VENDEDOR:

O COMPRADOR / EL COMPRADOR:

Asdo / Fdo.:

Asdo / Fdo.:

2ª COPIA: EXEMPLAR PARA O FACULTATIVO VETERINARIO.

	CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS VETERINARIOS	Receta veterinaria normalizada. <i>Receta veterinaria normalizada.</i> Nº11270-00000.	Código de barras.	Identificación dos animais, se é o caso: <i>Identificación de los animales, en su caso:</i>						
Dps.  Afeción que se vai tratar/ <i>Afección a tratar</i> Prazo de conservación do penso/ <i>Plazo de conservación del pienso</i> Cantidade / <i>Cantidad</i> (en kg)		Recomendacións e proporción de penso na ración diaria. <i>Frecuencia e duración do tratamento / Recomendaciones y proporción de pienso en la ración diaria. Frecuencia y duración del tratamiento.</i>								
Nome ou razón social do provedor ou distribuidor do penso medicamentoso / <i>Nombre o razón social del proveedor o distribuidor del pienso medicamentoso:</i>		CEA de explotación /se é o caso (<i>en su caso</i>): Propietario/Responsable: DNI Nº: Enderezo/ <i>Dirección</i> :		Especie: Nº de animais <i>Nº de animales:</i> Data / <i>Fecha</i> :						
Caduca ós trinta días. Vale para un só tratamento. <i>Caduca a los treinta días. Vale para un solo tratamiento.</i> EXEMPLAR PARA O VETERINARIO PRESCRIPTOR EJEMPLAR PARA EL VETERINARIO PRESCRIPTOR PARA CONSERVAR 3 AÑOS (A CONSERVAR 3 AÑOS)		Tempo de espera - <i>Tiempo de espera.</i> (se é o caso / <i>en su caso</i>) <table border="1" data-bbox="533 628 863 718"> <tr> <td>CARNE</td> <td>LEITE-LECHE</td> <td>OVOS-HUEVOS</td> </tr> <tr> <td> </td> <td> </td> <td> </td> </tr> </table>	CARNE	LEITE-LECHE	OVOS-HUEVOS				Facultativo veterinario prescriptor <i>Facultativo veterinario prescriptor</i> Sinatura e selo normalizado <i>Firma y sello normalizado</i>	Sinatura e selo do dispensador. <i>Firma y sello del dispensador.</i> Data de dispensación: <i>Fecha de dispensación</i>
CARNE	LEITE-LECHE	OVOS-HUEVOS								

Reverso da 2ª copia:

NORMAS DE EMPREGO:

- Esta prescripción só pode ter por obxecto os animais tratados polo veterinario prescriptor.
- Non existirá incompatibilidade con tratamentos anteriores.
- Os pensos habitualmente usados para alimenta-los animais non conterán o mesmo antibiótico e/ou coccidiostático prescrito.
- Se prescribe máis dunha premezura medicamentosa para o mesmo penso, farao cando non exista axente terapéutico autorizado específico para esa enfermidade, presentado como premezura ou para a especie afectada e será baixo a súa responsabilidade tendo en conta as limitacións que figuren nas premezuras medicamentosas usadas en relación coas incompatibilidades ou interaccións medicamentosas.

(Artigos 12 c 13 do R. D. 157/1995)

Asinarase con tinta de cor diferente á de impresión da receita

NORMAS DE EMPLEO:

- Esta prescripción sólo puede tener por objeto los animales tratados por el veterinario prescriptor.
- No existirá incompatibilidad con tratamientos anteriores.
- Los piensos habitualmente usados para alimentar a los animales no contendrán el mismo antibiótico y/o coccidiostático prescrito.
- Si prescribe más de una premezcla medicamentosa para el mismo pienso, lo hará cuando no exista agente terapéutico autorizado específico para esa enfermedad, presentado como premezcla o para la especie afectada y será bajo su responsabilidad y teniendo en cuenta las limitaciones que figuren en las premezclas medicamentosas usadas en relación con las incompatibilidades o interacciones medicamentosas.

(Artículos 12 y 13 del R. D. 157/1995)

Se firmará con tinta de color diferente al de impresión de la receta


ANEXO II

Selo veterinario normalizado

Características dos selos de identificación dos facultativos veterinarios:

1. Dimensións: largo 5 cm; alto 2 cm.
2. Forma: rectangular.
3. Código de identificación do facultativo veterinario prescriptor: composto polos seguintes caracteres:
 - Logotipo profesional colexial.
 - Dous díxitos que corresponden ó código da Comunidade Autónoma conforme o anexo IV.
 - Dous díxitos que identifican a provincia segundo o código INE.
 - Un díxito de verificación ou control.
 - Cinco díxitos que identifican o número de colexiado.
4. A tinta que se vai utilizar deberá ser de cor diferente á de impresión da receita.

5. Contido: de acordo co seguinte modelo:

FACULTATIVO VETERINARIO 00-00-0-00000  Asdo. "NOME" " 1º APELIDO" " 2º APELIDO" "ENDEREZO Nº " - "CONCELLO" - "PROVINCIA"

ANEXO III

 Libro rexistro de tratamentos
 Características xerais

1. Numeración: constará de seis díxitos de numeración correlativa.
2. Características: corresponderanse coas alíneas a) e b) deste anexo.
3. Para que o libro teña validez oficial deberán consta-los datos, a sinatura e o selo do seu titular e deberá ser dilixenciado polos servizos veterinarios oficiais de Sanidade e Producción Animal.

A) LIBRO REXISTRO DE TRATAMENTOS DE EXPLOTACIÓN.



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDEIRA E POLÍTICA AGROALIMENTARIA.
DIRECCIÓN XERAL DE PRODUCCIÓN AGROPECUARIA.
SUBDIRECCIÓN XERAL DE SANIDADE E PRODUCCIÓN ANIMAL

Nº000000

LIBRO DE EXPLOTACIÓN
GANDEIRA
LIBRO REXISTRO DE TRATAMENTOS.

DATOS DO PROPIETARIO.

- Apelidos e nome.....
- Razón social.....
- DNI, NIF ou CIF.....
- Enderezo.....
- Localidade.....
- Provincia.....
- Responsable do gando.....
- DATOS DA EXPLOTACIÓN**
- Nº de Rexistro (CEA, outros).....Especie.....
- Localización.....
- Concello.....
- Provincia.....

<p>Este libro é propiedade da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, debe ser cuberto en tódolas súas alineas segundo as circunstancias que concorran na explotación e estará baixo a custodia do propietario titular da dita explotación, sendo a súa responsabilidade a formalización, custodia, bo trato e uso deste libro.</p> <p>O libro deberá ser conservado durante cinco anos desde a súa finalización e substitución por outro ou por cesamento da actividade.</p> <p>Para solicitar un novo libro será necesario presentar este cando estea completo.</p> <p style="text-align: center;"><u>Instrucións para a súa formalización.</u></p> <p>Cando merque ou ceda un animal que estea en tratamento esixa ou entregue unha copia da receita veterinaria que ampare o devandito tratamento.</p> <p>O libro comezarse a cubrir pola fila superior da primeira folla, seguindo de arriba e abaixo para os seguintes tratamentos; cada fila será para asenta-lo tratamento do animal ou animais co mesmo tratamento.</p> <p>Se o animal ou animais se sometesen a un tratamento múltiple, de maneira que tódolos medicamentos administrados non entrasen nunha fila, usarase a seguinte ou seguintes ata que figuren todos.</p> <p>Se algunha fila resultase anulada por producirse algún erro, a súa anulación será feita polo veterinario prescriptor.</p> <p>No caso dos équidos, o propietario debe declarar no documento de identificación do équido se o animal está destinado ou non ó consumo humano; en ámbolos dous casos os tratamentos prescritos ó animal débense anotar neste libro de rexistro de tratamentos. E no caso de que o animal estea destinado ó consumo humano, ademais, deberanse anotar obrigatoriamente tódolos medicamentos prescritos que conteñan substancias non incluídas nos anexos I,II,III e IV do Regulamento 2377/90/CEE.</p>	<p style="text-align: center;"><u>DILIXENCIA:</u></p> <p style="text-align: center;"><i>Para facer constar que este Libro Rexistro de Tratamentos Nº....., no que se rexistrarán os tratamentos medicamentosos ós que se sometan os animais da explotación, consta de 94 páxinas numeradas do 1 ó 94.</i></p> <p style="text-align: center;"><i>Este libro (só no caso de que este Libro de Rexistro de Tratamentos sexa continuación doutro xa rematado existente na explotación) substitúe o anterior Libro Rexistro de Tratamento Nº..... da explotación, que o titular deberá conservar durante cinco anos desde esta data.</i></p> <p style="text-align: center;">....., a..... de 2....</p> <p style="text-align: center;"><i>O Veterinario oficial de Sanidade e Producción Animal.</i></p> <p style="text-align: center;">(Sinatura e selo)</p>
---	--

ANEXO IV

1. Andalucía.
2. Aragón.
3. Asturias.
4. Balears.
5. Canarias.
6. Cantabria.
7. Castela-A Mancha.
8. Castela e León.
9. Cataluña.
10. Estremadura.
11. Galicia.
12. Madrid.
13. Murcia.
14. Navarra.
15. País Vasco.
16. A Rioxa.
17. Comunidade Valenciana.